



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE RIOTORTO, PARA A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DA CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES DE TITULARIDADE MUNICIPAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar co Concello de Riotorto o instrumento convencional arriba referido. O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 15 de decembro de 2025. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio dende o 1 de novembro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade para poder realizar as obras de construción dunha residencia de titularidade municipal para persoas maiores no Concello de Riotorto, contribuíndo a mellorar a atención ás persoas maiores do concello proporcionándolles unha atención integral adecuadas ás súas necesidades.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores en situación de dependencia, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Que con carácter específico, lle corresponde, entre outras, a elaboración das políticas dirixidas ás persoas maiores en situación de dependencia en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

De conformidade co previsto artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, letra i), da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- e) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.





- f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- g) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- k) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da referida Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais comunitarios específicos, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración de cara á elaboración de accións ou programas conxuntos no eido da atención ás persoas maiores, especialmente na atención á dependencia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela

